



BOP

LUNS, 9 DE MARZO DE 2026

N.º 055

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Dentro do marco da colaboración técnica e financeira entre a entidade Augas de Galicia e o Concello de Burela foi achegado o proxecto técnico de "Mejora del Sistema de Saneamiento de Burela. Nueva EDAR de Burela. Burela (Lugo)". Por medio do presente anuncio e para o seu xeral coñecemento faise público o citado proxecto, abríndose un trámite de información pública por un prazo de trinta días de conformidade co disposto no artigo 9 do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas. O referido proxecto poderá ser consultado nas dependencias municipais do Concello de Burela ou a través da sede electrónica municipal.

Burela, 3 de marzo de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0542

LOURENZÁ

Anuncio

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DE: 1 TÉCNICO/A OU INFORMADOR/A DE TURISMO; PARA O CONCELLO DE LOURENZÁ, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN ao abeiro DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025 entre o Concello de Lourenzà e a Excm. Deputación Provincial de Lugo (programa REFORZO DO EMPREGO 2025).

Por Resolución da Alcaldía de data 20/02/2026 apróbase A CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DE: 1 TÉCNICO/A OU INFORMADOR/A DE TURISMO; PARA O CONCELLO DE LOURENZÁ, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN ao abeiro DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025 entre o Concello de Lourenzà e a Excm. Deputación Provincial de Lugo (programa REFORZO DO EMPREGO 2025).

A convocatoria e as bases aprobadas están publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo www.deputacionlugo.org, na páxina Web do Concello de Lourenzà no seguinte enlace www.concellodelourenza.gal, no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzà e a disposición dos interesados nas Oficinas Municipais.

A convocatoria farase mediante presentación das correspondentes ofertas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Lourenzà, 5 de Marzo de 2026.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 0568

LUGO

Anuncio

PRIMEIRO.-A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de febreiro de 2026 adoptou, entre outros, o acordo 17/57 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL

CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO A UNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023) , en cuxa parte dispositiva se fai constar:

PRIMEIRO.- Designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023) do seguinte xeito:

Presidente:

- Dona Susana Penedo Souto, Adxunta do servizo de Arquitectura do Excmo. Concello de Lugo

Suplente: Dona Patricia Vázquez Mille, Xefa do servizo de Arquitectura do Concello de Lugo.

Vogais:

- Dona Marta Candocia Acción, Arquitecta Municipal do Concello de Mondoñedo.

Suplente: D. Pablo Fuentes Failde, Xefe do servizo de Enxeñería do Concello de Lugo.

- Dona Laura Eyre Rodríguez, Arquitecta Técnica do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Marta Carballal Neira, Adxunta de servizo do Concello de Lugo.

- D. Juan Ignacio Márquez Gacio, Xefe do servizo de Licencias do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Ivon Carrodegas Rodríguez, Técnica da Administración Xeral do Concello de Lugo

Secretario/a:

- Dona Ana María Rivas García, Secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: Don Justo Díaz Rodríguez, Vicesecretario accidental do Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo aos/ás interesados/as facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Asinado dixitalmente

A Xefa de Sección de Organización RRHH

Eva María Seoane Cazón

Lugo, 23 de febreiro de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ana María González Abelleira.

R. 0543

Anuncio

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de febreiro de 2026 adoptou, entre outros, o acordo 16/56 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO A UNHA PRAZA DE OFICIAL COCIÑEIRO/A EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023) , en cuxa parte dispositiva se fai constar:

“PRIMEIRO.- Designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE OFICIAL COCIÑEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023) do seguinte xeito:

Presidente:

- Dona Pilar Rodríguez González, Xefa do servizo de Benestar Social do Concello de Lugo

Suplente: Dona María del Carmen Flores Ferreiro, Xefa de sección do servizo de Benestar Social do Concello de Lugo.

Vogais:

- Dona María Isabel Longarela Ceide, Administrativa do Concello de Lugo.

Suplente: D. Jesús Expósito López, Encargado de prazas e mercados do Concello de Lugo.

- Dona María Fe Ozores Folgueira, Encargada do Fogar do Transeúnte do Concello de Lugo

Suplente: Dona Maria Eugenia Fernández Touzón, Directora da Escola Infantil Serra de Outes do Concello de Lugo.

- Dona Sandra Barcia González, Auxiliar Administrativa do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Maria Jesús Longarela Ceide, Administrativa do Concello de Lugo

Secretario/a:

- Dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: Don Justo Díaz Rodríguez, vicesecretario accidental do Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo aos/ás interesados/as facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 23 de febreiro de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ana María González Abelleira.

R. 0544

Anuncio

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de febreiro de 2026 adoptou, entre outros, o acordo 15/55 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO A UNHA PRAZA DE OFICIAL VIXIANTE RECADADOR/A EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023) , en cuxa parte dispositiva se fai constar:

“PRIMEIRO.- Designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE OFICIAL VIXIANTE RECADADOR/A , PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023), do seguinte xeito:

Presidente:

- Dona Natalia Rodriguez Alvaredo, xefa de negociado do Excmo. Concello de Lugo

Suplente: Dona Maria Isabel Longarela Ceide, Administrativa do Concello de Lugo.

Vogais:

- Don Pedro Fernández Agustí, Xefe de servizo de control financeiro do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Noelia Cancelas Domínguez, Auxiliar Administrativa do Concello de Lugo.

- Dona María Jesus Longarela Ceide, Administrativa do Concello de Lugo

Suplente: Dona Maria Elena Rodríguez García, Auxiliar administrativa do Concello de Lugo.

- D. Jesús Expósito Lopez, Encargado de prazas e mercados do Concello de Lugo.

Suplente: D. Sandra Barcia González, Auxiliar Administrativa do Concello de Lugo

Secretario/a:

- Dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: Don Justo Díaz Rodríguez, vicesecretario accidental do Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo aos/ás interesados/as facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 23 de febreiro de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ana María González Abelleira.

R. 0545

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACIÓN DO LISTADO DE COBRO DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO POLA REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO POLO ABASTECIMENTO DE AUGA E DO PADRÓN DO CANÓN DA AUGA DO 1º BIMESTRE 2026 (XANEIRO-FEBREIRO) E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 23.02.2026 aprobáronse olistado cobratoiros da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga, así como do Padrón do Canón da auga 1º bimestre 2026 (xaneiro-febreiro).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria do listado cobratorio da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga, así como do Padrón do Canón da auga, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación do listado cobratorio da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga, así como do Padrón do Canón da auga, poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o artigo 13 da Ordenanza Xeral de Xestión de Ingresos Municipais de Dereito Público fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 03.03.2026 ata o 04.05.2026.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
- 2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.

3) A través da páxina web www.aqualia.es.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 26 de febreiro de 2025.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0546

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA XANEIRO 2026 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 23.02.2026 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de XANEIRO 2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, e no seu caso, con disposto no artigo 13 da Ordenanza xeral dos ingresos municipais de dereito público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 18.03.2026 ata 18.05.2026.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 25 de xaneiro de 2025.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0547

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓN E ANUNCIO DE COBRANZA.- SAF XANEIRO 2026

Por Resolución de Alcaldía núm. 2026-0058, de data 27.02.2026, procedeuse á aprobación do Padrón Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de Xaneiro de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado polos/as interesados/as nas dependencias dos Servizos Sociais do Concello e presentar contra o mesmo as reclamacións que estimen oportunas, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva, en cumprimento dos artigos 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e 24 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

A Pobra do Brollón, 27 de febreiro 2026.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 0548

RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio*

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada con data 24 de febreiro de 2026, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección de un/unha oficial de 1ª condutor, como persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses, a través do programa “Reforzo do Emprego 2026”, dentro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026.

Segundo o disposto na base cuarta (4ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o **prazo de cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

Ribeira de Piquín, 5 de marzo de 2026.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 0569

O SAVIÑAO*Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL**

Por Resolución de Alcaldía num. 2026/0073, de data 27 de febreiro de 2026, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo da Escola Infantil do Saviñao correspondentes ao mes de febreiro de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Saviñao, art. 3 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao, 27 de febreiro 2026.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0549

TRABADA*Anuncio***RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA****EXPEDIENTE Nº 33/2026****ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTA DE PROPOSICIÓNS PRESENTADAS PARA A ADXUDICACIÓN DUNHA LICENZA DE TAXI NO MUNICIPIO DE TRABADA (LUGO).**

Expirado o prazo de presentación de solicitudes para a adxudicación dunha licenza de taxi no municipio de Trabada (Lugo).

De conformidade coa cláusula sexta das bases da convocatoria aprobadas e en virtude do artigo 10 do Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, e do artigo 21.1.r) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO**

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación solicitudes presentadas:

RELACIÓN DE SOLICITUDES PRESENTADAS:

DNI	NOME
77----74W	JOSÉ RAMÓN FERNÁNDEZ ÁLVAREZ

SEGUNDO.- Publicar a lista de solicitudes presentadas no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de quince días, aos efectos oportunos. Asemade, publicarase na plataforma e portal de transparencia do Concello de Trabada, <https://trabada.sedelectronica.gal>

Trabada, 3 de marzo de 2026.- O alcalde, Rubén García Freijo.

R. 0550

VIVEIRO

Anuncio

D^a. MARIA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Primeiro.- Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do mércores, 20 de outubro de 2021 N.º 241, publícase a convocatoria polo que se inicia o proceso e se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as listas de emprego para a cobertura temporal, con carácter provisorio as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal, das prazas de monitor/a deportivo/a-socorrista na piscina municipal do Concello de Viveiro.

Resultando que no BOP de Lugo n.º 275 de 01 de decembro de 2022, publícase a convocatoria na que se establece un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para a cobertura provisional das prazas de monitor/a deportivo/a-socorrista da Piscina Municipal para cubrir as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan, sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal, de 5 (cinco) días hábiles para a actualización da lista de emprego vixente.

Tendo en conta a proposta de selección presentada polo Tribunal, en data 09 de febreiro de 2023, que consta no expediente.

Tendo en conta a corrección de erros da proposta do Tribunal de selección presentada en data 15 de febreiro de 2023

Tendo en conta a Resolución de Alcaldía da lista de emprego para a cobertura provisional das prazas de monitor/a deportivo/a-socorrista da Piscina Municipal, aceptando a proposta do Tribunal data 16 de febreiro de 2023, en relación co proceso selectivo referido, na que literalmente di:

*“(...) Aceptar a proposta do Tribunal relativo ao procedemento selectivo para a confección da lista de emprego de carácter provisional, como **Monitor/a Deportivo/a socorrista** para a actualización da lista de emprego vixente, sendo a seguinte:*

<i>Apellidos e nome</i>	<i>Orde</i>
<i>Penabad Franco Manuel</i>	<i>1º</i>
<i>Escuredo Díez Alberto</i>	<i>2º</i>
<i>López García Martin</i>	<i>3º</i>
<i>Villarino Palmaz Alba</i>	<i>4º</i>
<i>Quintela Míguez Miguel</i>	<i>5º</i>
<i>Caceres López Aaron</i>	<i>6º</i>

<i>Timiraos González Lara</i>	<i>7º</i>
<i>Rodríguez Calvo Sekhen</i>	<i>8º</i>
<i>Muiño López Claudia</i>	<i>9º</i>
<i>Guerreiro Rodríguez Mateo</i>	<i>10º</i>

...“

Segundo.- Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, publicándose extracto das convocatorias no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241 e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, entre as que se atopan dúas prazas de **“MONITOR/A DEPORTIVO SOCORRISTA (TEMPO PARCIAL)”** persoal laboral fixo, establecendo a constitución, tamén, dunha lista de emprego.

Tendo en conta a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do Tribunal data 22 de outubro de 2024 (publicada no BOP de Lugo nº 250 do 29 de outubro de 2024), na que literalmente di:“(…)Acepta a proposta do Tribunal como lista de emprego, ao abeiro da base 14 das Bases xerais e específicas da convocatoria, sendo a lista de emprego a seguinte:

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	ESQUERDEIRO CABARCOS LUCIA	50,000
2	MARTÍNEZ LÓPEZ SIRA	49,740
3	ESCUREDO DIEZ ALBERTO	40,440
4	FERNÁNDEZ PRIETO PEDRO	39,400

...”

Terceiro.- Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, publicándose extracto das convocatorias no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241 e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, entre as que se atopan tres prazas de **“MONITOR/A DEPORTIVO SOCORRISTA”** persoal laboral fixo, establecendo a constitución, tamén, dunha lista de emprego.

Tendo en conta a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do Tribunal data 22 de outubro de 2024 (publicada no BOP de Lugo nº 250 do 29 de outubro de 2024), na que literalmente di:“Acepta a proposta do Tribunal como lista de emprego, ao abeiro da base 14 das Bases xerais e específicas da convocatoria, sendo a lista de emprego a seguinte:

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	MARTÍNEZ LÓPEZ SIRA	34,620
2	ESCUREDO DIEZ ALBERTO	30,040
3	FERNÁNDEZ PRIETO PEDRO	29,660
4	LORENZANA RIVAS ALEXIS	20,980

...”

Resultando que neste momento o Concello se atopa, en consecuencia, con varias listas de emprego diferentes para a cobertura temporal de prazas de **“MONITOR/A DEPORTIVO SOCORRISTA”**, sen que conste determinada unha prelación entre elas.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Decretar, por orde de prelación, a aplicación a partir da data da presente resolución, **en primeiro lugar** da lista de emprego derivada do proceso selectivo correspondente á convocatoria dos procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de tres prazas de **“MONITOR/A DEPORTIVO SOCORRISTA”** persoal laboral fixo. **En segundo lugar** aplicarase lista de emprego derivada do proceso selectivo correspondente á convocatoria dos procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura dúas prazas de **“MONITOR/A DEPORTIVO SOCORRISTA (TEMPO PARCIAL)”** persoal laboral fixo. **En terceiro lugar** aplicarase lista de emprego derivada do proceso selectivo correspondente á convocatoria na que se establece un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para a cobertura provisional das prazas de monitor/a deportivo/a-socorrista da Piscina Municipal para cubrir as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución ao Departamento de Persoal.

Mándoo e asínoo en Viveiro. Ante mín, A Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, Dª. María Luz Balsa Rábade.

Viveiro, 25 de febreiro de 2026.- A alcaldesa, D.ª María Carmen Gueimunde González.

R. 0533

XOVE**Anuncio**

Por Decreto de Alcaldía núm. 2026-0255 de data 3 de marzo de 2026, aprobáronse os Padróns do Prezo Público pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre (ioga, bolillos e bordado, ximnasia de mantemento, pilates e aeróbic e xovesperta) correspondentes a mensualidade de marzo de 2026.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 10 de marzo de 2026 ata 9 de maio de 2026; o ingreso efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria ou, no seu defecto, en calquera oficina de Abanca ou Banco Santander no seu horario de atención ao público, tal e como dispón o artigo 6 do Acordo Regulador pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre do Concello de Xove.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 3 de marzo de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0551